


Conto Viaxeiro  
curso 2024-2025  
Familias Escoliña Monte Alto



As aventuras de Pupa



EIM Monte Alto

Biblioteca Verde

*O conto viaxeiro é un relato colaborativo entre familias.*

*Comeza sendo un caderno de follas brancas que pouco a pouco va enchéndose de letras e debuxos.*

*O caderno vai percorrendo as casas, e en cada unha delas hai que crear un texto e unha pequena ilustración, e así ata que remata a súa viaxe.*

*As ilustracións poden ser de todo tipo e as letras poden ser de tamaño e cores segundo o gusto de cada quen.*

*Cada familia debe continuar ca anterior e deixar aberta a historia para a seguinte familia.*

*O conto está dirixido aos nenos e nenas de primeiros anos.*

*O tema principal é a natureza e o medio ambiente, o entorno próximo, os bichiños, animais e flora...especialmente as mapoulas.*

*Pode comezar así...*



*Preto da Torre de Hércules nun día de outono....*

Pupa non podía creer o que vía!  
O faro, que el sempre pensara que era  
unha estrela, brillaba con forza sobre o mar.



Achegouse co seu amigo Ola e o neno do  
parque, que se chamaba Breogán, e xuntos  
sentiron o vento salgadiño xogando co seu  
pelo.

- Ola faro! - Dixo Pupa cun sorriso.

Toda a miña vida mireite dende  
lonxe e agora estou aquí!

De súpeto, Pupa notou que aos seus pés había un requeiro de formigas traballadoras, levando migallas de pan.



Máis arriba, no aire, unhas abellas bulían dun lado a outro, recollendo o polen das papoulas que medraban preto das pedras.



- Mirádeas! - Dixo Ola, o hipopótamo.
- Cada bichinho ten o seu traballo importante, igual que o faro guía os barcos.

Xusto nese momento, unha xaniña  
pousouse no nariz de Pupa, como  
se quixese contarlles un segredo...  
Qué lles diría? Quizáis unha nova  
aventura estaba a piques de comezar.



- Boas! Chamome Fita e esta é a miña amiga Luga - Dixo a xaniña sinalando a unha bolboreta que os sobrevoaba.

- Ola! Que estades a facer? - Preguntou Luga.

- Estamos a observar o Faro-Estrela. Gústanos moito! - Dixo Pupa.

- Pois se vos gusta o Faro, seguídenos! Levaremosvos a outro lugar tamén moi fermoso - Dixo Fita - Bulide!



Fita e Luga saíron voando e Pupa, Ola e Breogán apresuráronse a segui-las intrigados por saber a onde os levarían.

- Chegamos! Aquí é! - Exclamou Fita cun grande sorriso.

- Fita, seguimos ó pé do Faro, apenas percorremos uns cantos metros. Que é o que nos queredes ensinar? - Dixo Ola.

- Mirade para os pés - Contestou

Entón descubriron uns debuxos moi grandes no chan.

- Que é isto? - Preguntou Breogán

- Parece unha estrela - Aseverou.



Ola!  
Son Luga

- É unha Rosa dos Ventos. A que é fermosa? - Contestou Luga.

Todos estiveron dacordo en que era moi fermosa. Así e todo, Breogán quedou pensativo. Ao fin decidiu preguntarlle:

- Que é unha Rosa dos Ventos?

Como Astronauta Viaxeiro titulado que era, Pupa apresurouse a contestar.

- Unha Rosa dos Ventos serve para guiar os viaxeiros coma min; indica a dirección cara onde temos que ir para chegar ó noso destino.

- Así é! - Confirmou Fita. - Mais Breogán non se engana, semella unha estrela. Cada unha das súas puntas sinala un punto cardinal. Aquela de cor negra sinala o Norte!

Breogán sorriu orgulloso e seguiu preguntando máis dúbidas:

- E que son os debuxos que hai entre as súas puntas? - Dixo sinalando cada unha delas.

Fita e Pupa miráronse sen saber que dicir.

- Esos oito debuxos representan as Nacións Celtas. Segundo antigas lendas, están relacionadas co Faro! - Dixo Luga.

Todos quedaron abraucados coa sabedoría de Luga e quixeron saber máis cousas sobre os debuxos, os Celtas e as antigas lendas. Escoitaron con moita atención todo o que Luga lles contou.

Faciase tarde e cadaquén tiña que voltar a súa casa, mais prometeron xuntarse o día seguinte no mesmo lugar para que Fita e Luga os levaran a coñecer novos e interesantes lugares.




Ao día seguinte volveron a atoparse Ole, Pape e Breogán na Rose dos Ventos e, despois dun tempo explorando os debuxos e os puntos cardinais, virou que Fite e Luge chegabau voando.

Saudáronse e feleron sobre o ben que durmiren ese noite; Breogán contoulles ao resto que soubera que era o capitán dun barco, co que os amigos se sorprenderon porque todos tiveran soños semellantes.

Despois de comentar os detalles de todas as seus soños, Luge guiou ensinoulles aos demais a caracole de Punte Herminia e, mentres todos miraban as ondas do mar, a bolborete explicou que, según a lenda, cando o vento sopra polos tres ocos a caracole soa como un cornio.

Seguíron camiñando até atopar o parque dos Neuhires, onde Fite explicou que representan unha familia ve que as pedras máis grandes son os pais que protexen as pedras máis pequenas, os fillos. Os cinco amigos pasaron un ariaco xogando e correndo entre os Neuhires, logo puxéronse a mirar os ocos das pedras. Ole atopou un oco polo que se ve a Torre de Hércules; Pape atopou outro burato onde se podía ver un dos neuhires enteiros, e, de súpeto, Breogán chamounos a todos, pois mirando por un dos ocos que apuntaban ao mar estaba a ver o barco co que todos souberon.








Todos acudiron velozes a chamada de Breogán. Non crían o que estaban a ver por aquel oquiño... era o barco SOÑADO!!

Alí estaba, ó lonxe, un enorme barco con grandes velas, surcando o mar, envolto baixo un manto que o facía brilar. Trátase dun barco máxico, atraca en cada porto en busca de viaxeiros dispostos a vivir grandes aventuras...

Atréverase algún dos nosos amiñiños a vivir experiencia a bordo do gran MORRINA ??





Non hai dúbida! Por suposto fue decidiron emborcar. Unha travesía nun barco tan máxico como o Morrina tña fue faerse cunha tripulación unida como eles. Así fue

Breogán decidiu asumir o rol de capitán e pñerse ao mando do... timón??? Menuda sorpresa se levaron cando viron fue en lugar dun timón había unha fermosa guitarra. Unha guitarra máxica.

Para poder surcar o maravilloso Océano Atlántico había fue faer soar a guitarra coas mellores melodías e as cancións fue adoitaban sacolles un sorriso. Non foi difícil pñerse de acordo: necesitaban aniser a un novo tripulante para comezar a navegar nesta travesía tan especial, polo fue Lupa foi voando axiña en busca do novo manñeiro: o seu amigo FÉLIX.

